

# Intro

Desde a Mariña mindoniense emprendemos viaxe a través da arte, da fora creadora, para achegarnos ata as terras bergantiñas cun claro interese por lles narrar unha historia na que cada imaxe substitúe as mil e unha palabras que a vostedes lles poidan vir ao seu maxín ao contemplaren a obra artística destas mozas e mozos.

Emprendemos camiño desde Ribadeo, sumando ao noso convoi algún creador das Asturias, e incorporando tamén a experiencia de xentes de Barreiros e Foz, todos eles vinculados á vila ribadense dun ou doutro xeito. Polos carreiros da creación estas xentes da creación van recollendo naturezas, sentimentos, viaxan con actitude crítica e orgullo de pertencer á periferia; devecen por narrar a través das cores, vivas ou transparentes, a través de materiais diversos, evocando a sétima arte, mesmo recoñecendo o seu proceso madurativo como persoas e como artistas.

E aquí, en Carballo, na comarca bergantiñá, onde a arte da palabra tense feito maxia vívida a través da tradición regueifeira, queremos lles mostrar a aposta estética deste grupo de mariñáns mascarón de proa da porta norte da Galiza. Desde Ribadeo, ata a porta da Costa da Morte, traémoslles obras de arte que raian co surrealismo, interpretacións de clásicos do cine, performance con espírito reflexivo... Que a súa visita ao Pazo da Cultura carballés sexa gorentosa e acaben transformando en diálogo reconfortante os sentimentos que sexan quen de experimentar ao contemplaren esta exposición.

Farruco Graña

Concelleiro de Cultura do Concello de Ribadeo.

## CREADORES

### DAVÍD RIVAS PEÑA

(Ribadeo, 1979)

“Deseñador gráfico a xornada completa e artista plástico cando o tempo mo permite. Traballo sobre todo a fotografía e o colaxe dixital para crear imaxes que raian co surrealismo, descontextualizando elementos onde a persoa espectadora é parte indispensable da obra, no sentido en que ela é intérprete do que sucede na mesma.

Vindo do ámbito do deseño, no que cada movemento debe estar xustificado e ter un porqué, nas miñas obras libres a premisa é: por que non?”

OBRA:

-*Sen título*. Fotografía Impresión dixital sobre forex.

### ROBERTO MARTÍNEZ

(Ribadeo, 1975)

“Son deseñador gráfico, músico e amante das viaxes, a fotografía e o cinema.

A arte para min, é como viaxar, unha necesidade biolóxica”.

OBRA:

-*Léolo*, para ProxectoR. Ilustración vectorial e fotomontaxe s/pvc

## JESÚS SEIVANE

(Ribadeo, 1980)

“Como penso que unha imaxe sempre soe ser máis impactante que as palabras tentei facer un cartel que non deixe indiferente a ninguén, igual ca a película que o inspira. Se tedes a oportunidade, védea e entenderedes de que vos falo”

OBRA:

-*Bone Tomahawk*, para ProxectoR. Retoque dixital s/pvc

## MÓNICA MÁRQUEZ VEYTIA

(México D.F, 1964)

“A arte é un xeito de meditación onde me abandono ao proceso creativo. É unha oportunidade de sanación onde se mesturan unha serie de posibilidades entre o material, as miñas mans e o meu corazón. Comeza cunha intención mais a obra manifesta a súa propia voz, déixome guiar e é aí onde se produce a maxia”.

OBRA:

-*Human*, para ProxectoR. Óleo e barras de óleo sobre papel s/pvc

- *Despois do baile*. Acrílico sobre lenzo

## MÓNICA JUSTO

(Ribadeo, 1976)

“No camiño, vou recollendo naturezas: sentimentos, caracolas... imaxes e persoas que conforman o meu mundo e a través da pintura interpreto. Teño días malos, e bos tamén. Na vida e na arte.”

OBRA:

- *Miller's Crossing*, para ProxectoR. Lápis e carbonciño. Retoque dixital s/pvc

- *Serie Naturezas*. 8 Impresións dixitais de técnicas mixtas (gouache, acuarela, grafito...)

- *Berro Noite Victoria*. Impresións dixitais de técnicas mixtas (gouache, acuarela, grafito...)

## ÁNGEL SANZ

(Ribadeo, 1967)

Autodidacta multidisciplinar, simbolista surrealista en plástica e achegado ao “Os vencidos da vida”, Kafka, Cioran e o existencialismo fúnebre. Con 28 expos individuais e 13 colectivas profesionais desde os 17 anos. Tamén dedicado á poesía, o relato e ensaio, a música Metal, cinema e vídeo-clip, o deseño web e de xogos. Un Zurdo tóxico e último re-bohemio supervivinte. . .

“A complete phenomenon disaster”

OBRA:

*2001. A space odyssey*, para ProxectoR. Pincel e tinta chinesa. Rotulador e lápis. Sobre pvc.

## HÉCTOR PEÑA

OBRA:

- *Fantastic Mr. Fox*, para ProxectoR. Colaxe con acuarela e tratamento dixital sobre pvc

- *Ógrilo*. Cera aplicada co dedo s/madeira. Tinta chinesa. Acrílico. Chicle. Cables. Sprai fosforescente

## EUGENIA GONZÁLEZ DE SELA

(Ribadeo, 1997)

“A arte foi sempre , en todos os seus formatos, unha das partes máis importantes da miña vida e que me axudou a medrar como persoa, mesmo antes de decidir dedicarme a iso eu mesma. Nada me gustaría máis do que crear un contido que desperté interese uo sentimento na xente coa que entra en contacto”.

OBRA:

*Medusa*. Puntillismo, tinta sobre cartolina DIN A4

## CARLA MÉNDEZ

(Ribadeo, 1994)

“Son unha artista multidisciplinar, en constante búsqueda de novas formas de expresión a través da arte. A miña inspiración xorde principalmente da moda e da beleza feminina, sempre mostrando a

forza das mesmas, e tamén a través de historias persoais que van marcando a miña vida. Todas as miñas obras esconden un trasfondo que tento representar a través dos materiais e as formas”.

OBRA:

*Armadura*. Unha soa peza realizada integramente en metal. Trátase dun corset de chapa a modo de armadura feminina. Cada peza está cortada e soldada a man.

## ANA URÍA MOREDA

(Ribadeo, 1995)

“Arte|vida. A arte como medio de coñecemento ontolóxico e espazo de indagación e desenvolvemento creativo. A reconstrución da memoria mediante o mesmo e a performance como viaxe, como punto de unión de disciplinas e como ferramenta para vincular corpo e mente no momento presente”

OBRA:

*Haiku*. Documento audiovisual da performance realizada no Teatre El Musical, Valencia.

Duración: 12 minutos

## CELSO DOURADO

(Barreiros, 1960)

Dende unha linguaxe figurativa, con tintes surrealistas, pretendo acadar a “transparencia” na cor

OBRA:

*Botánica* (serie). Base de taboleiro de contrachapado. Figuración a base GRAFITO. Esmaltes e vernices tintados para as flores.

## DANIEL CAXIGUEIRO

(Mondoñedo, 1955)

“Dende 1990 o meu traballo bota man de distintas disciplinas (instalación, escultura, fotografía, poesía, etc). A mestura de diferentes linguaxes, o interese por narrar, a importante presenza da cerámica, xunto a unha actitude crítica e periférica, serven de punto de partida para entender as miñas propostas”

OBRA:

-Da serie *A linguaxe da memoria*. Gres chamotado

-Da serie *O rapto da paisaxe*. Gres chamotado.

## YOSEBA MURUZÁBAL

O can é o fío condutor do que me sirvo para amosar imaxes nas que trato de reflectir un comportamento social que se repite na maioría dos mozos das zonas urbanas (...) A intención é dilatar ao máximo posible esta temática para poder ver nos cadros o paso do tempo tanto pola propia forma da pintura –cambios na pincelada e na paleta de color- como polos protagonistas, que envellecen xunto aos seus cans (...)

OBRA:

- *Os noivos* (*Os meus amigos e os seus cans*). Óleo sobre lenzo

- *O Juancho e os seus cans* (*Os meus amigos e os seus cans*.) Óleo sobre lenzo